

# Convocatoria do Certame Cooperativismo no Ensino 2012



Poden participar no certame o alumnado e profesorado de todos os centros educativos galegos de educación infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional, segundo as modalidades e categorías seguintes:

#### MODALIDADES

Na modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo poden participar as seguintes categorías:

- A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.
- B: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.
- C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.
- D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

#### Premios

- Un premio ao mellor traballo de cada categoría: os autores e autoras do traballo premiado en cada categoría recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.700 euros.
- Un accésit por cada categoría: os/as autores/as de cada traballo premiado recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 1.700 euros.

Na modalidade de Actividades Cooperativizadas poderán concursar, nas seguintes categorías:

- E: alumnos/as do primeiro ciclo da E.S.O.
- F: alumnos/as do segundo ciclo da E.S.O.

#### Premios

- Un premio ao mellor traballo por categoría: os/as autores/as do traballo premiado en cada categoría recibirán material audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.700 euros.

#### Na modalidade de Proxectos Empresariais Cooperativos

O alumnado e profesorado dos centros educativos que impartan formación profesional específica poderán presentar a este concurso os proxectos empresariais cooperativos.

Na elaboración de cada proxecto deberán participar como mínimo tres alumnos/as, que deberán estar dirixidos por un/unha profesor/a-director/a.

Avaliaranse a coherencia, orixinalidade e viabilidade económica dos proxectos empresariais cooperativos, así como a súa relación co entorno onde se desenvolvan.

#### Premios

- O/s autor/es, a/s autora/s do mellor proxecto recibirá/n un único premio de 6.000 euros, dos cales 3.000 euros entregaranse tras a resolución do tribunal, e 3.000 euros entregaranse tras a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto.
- Unha viaxe para visitar experiencias cooperativas, por valor máximo de 1.500 euros, para o profesor/a-director/a do mellor proxecto.
- Un accésit por un valor equivalente a 2.000 euros, que se repartirán entre os/as alumnos/as que elaboraron cada un dos proxectos finalistas.
- Un accésit por un valor total equivalente a 500 euros en material audiovisual ou informático, para cada un/unha dos/as profesores/as-directores/as dos proxectos finalistas.

#### Prazo

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos será dun mes desde o día seguinte da publicación do orde no *Diario Oficial de Galicia*. (DOG nº 72, do 16.04.2012)

#### Máis información

[www.cooperativasdeg Galicia.com](http://www.cooperativasdeg Galicia.com)  
Consello Galego de Cooperativas 881 999 268